A fronteira entre o público e o privado na Sociedade da Rede.

Autora: Uxía Noya García

Profesoras titoras:

Ana María Alonso Rodríguez
Mª Pilar Figueroa Vázquez

IES Arcebispo Xelmírez II
Santiago de Compostela

Gustaríame agradecer ao IES Arcebispo Xelmírez II por darme a oportunidade de participar neste proxecto, en especial, ás profesoras Ana Alonso e Pilar Figueroa pola súa axuda e consellos dados, ao equipo directivo por escoitarme e atenderme cando fixo falta, ao alumnado do centro por colaborar e participar nas enquisas e entrevistas. En xeral, a toda a comunidade educativa pola súa colaboración.

Índice:

1. **Obxectivos**
2. **Contextualización e xustificación da investigación realizada**
3. **Materiais e métodos**
4. **Análise estatística e interpretación dos resultados**
5. **Conclusións**
6. **Posibles melloras e extension do proxecto**
7. **Bibliografía**
8. **Anexos**

1. Obxectivos

Este traballo ten como finalidade estudar como se constrúe e delimita a fronteira entre o público e o privado na sociedade da rede. Para elo analizáronse os perfís e os contidos que comparten nas redes sociais, a xente nova de entre 12 e 18 anos. O estudo ten como referente o alumnado do IES Arcebispo Xelmírez II, polo que non é extrapolable á xuventude no seu conxunto, aínda que podería sinalar tendencias da nova realidade social.

2. Contextualización e xustificación da investigación realizada

Hai case medio século que o sociólogo Daniel Bell comezou a usar o termo Sociedade da Información (Bell, 1973). Dende entón, a rápida expansión de Internet, promoveu a aparición de novos espazos de participación social. Este entorno simbólico de socialización está a sustituir a outros ámbitos de convivencia na configuración da identidade dos xóvenes.

Pertencer a unha rede social convertíuse nun imperativo para a inclusión social: "no mundo das comunicacións no que vivimos, quen non está conectado prácticamente non está na sociedade" (Díaz Gandasegui, 2011: 5). Estar na rede, onde conflúen a *vida online* e a *vida offline,* é estar visible: "Os perfís e os muros das redes sociais son un escaparate aberto de par en par da personalidade de cada adolescente como ata hai pouco era "a rúa" (Ruiz-Corbella, De Juanas, 2013: 110).

Para algúns autores, "a esfera pública transformouse de maneira característica, nun campo de exposición da vida privada, das emocións e das intimidades" (Illouz, 2008: 28), o que evidenciaría a disolución da fronteira entre o público e o privado, que xustifica o termo "xeración transparente". Porén esta afirmación semella precipitada. Se se entende por privacidade o "control da interacción e da información a outras persoas" (Sabater, 2014: 11) e que i) administrar diferentes perfis dun mesmo (público e privado) é unha forma de "control da interacción" e ii) decidir que tipo de datos se queren aportar, é "control da información", entón analizar o comportamento dos xóvenes respecto a estes dous parámetros permitirá:

1) Constatar se nas condutas da xente nova nas redes sociais se mantén a dualidade entre o público e o privado.

2) Observar algúns trazos que permitan situar esta fronteira.

3. Materiais e métodos

A metodoloxía empregada é diversa, tanto no que respecta ás fontes para obter información como ás técnicas de tratamento dos datos. Ven demandada polas tres fases da investigación:

i) Fase previa: realizouse unha revisión bibliográfica para establecer o marco teórico da investigación.
ii) Fase exploratoria: para verificar a viabilidade da investigación, empregouse unha metodoloxía cualitativa, coa aplicación da técnica de entrevista semiestruturada e a observación participante.
iii) Fase de análise: utilizouse unha metodoloxía cuantitativa, consistente en enquisas distribuidas no centro educativo.

A poboación está formada por xóvenes de entre 12 e 18 anos escolarizados no IES Arcebispo Xelmírez II durante o curso 2019-20.

Para que as conclusións sobre a poboación sexan fiables é fundamental que a mostra sexa representativa e aleatoria. A mostraxe seleccionada é a ***mostraxe estratificada*** onde os estratos veñen determinados pola idade e xénero. Os individuos foron obtidos aleatoriamente dentro de cada estrato e coa mesma proporción do estrato respecto á poboación.

O tamaño da mostra foi calculado partindo dun erro do 5% e un nivel de confianza do 95% e poñéndonos no peor dos casos (p=0,5). Tendo en conta que o tamaño da poboación é N=494, obtívose un tamaño mostral n=217. **(Ver anexo 8.3).**

4. Análise estatística e interpretación dos resultados

Os resultados amosaron que a incorporación universal á Sociedade da rede ten lugar a unha idade na que coincide a fin da escolarización obrigatoria, a posibilidade de entrada ao mundo laboral e participación legal na maioría das redes sociais. Entre os 12 e os 13 anos un 11% non participa aínda nas redes sociais. Esta porcentaxe baixa no intervalo 14-15 ata o 2%, que se converte nun 0% á idade de 16.

Figura 1. Uso das redes sociais

Fonte e elaboración propia

Respecto ao uso dun perfil público ou privado, indicativo dun control da interacción, un 75% dos usuarios enquisados, admiten ter o perfil privado, un 15% privado nunhas redes e público noutras, e so un 10% público en todas. Esta reserva e máis alta nas mulleres (80%, fronte ó 70% nos homes). Obsérvase tamén a tendencia a un aumento na conciencia de privacidade coa idade: a porcentaxe de contas privadas mantense nun 68% dende os 12 ata os 15, subindo ao 74% no tramo 16-17.

Figura 2. Definición do perfil nas redes



Fonte e elaboración propia

Figura 3. Diferencias perfís públicos e privados





Fonte e elaboración propia

A análise das entrevistas avala esta interpretación:

> "Antes tiña Instagram, pero cerreino porque non me sentía segura" (E-5, muller, 17 anos)

Desconcerta, porén, a maior diversidade (50% privado, 25% publico, 25% público- privado) nos maiores de 18, se ben o número de enquisados é moi pouco significativo, xa que a presenza deste alumnado é anecdótica nun centro de secundaria.

Figura 4. Información compartida



Fonte e elaboración propia

Especialmente significativas para determinar a conciencia de privacidade dos mozos, foron as respostas á pregunta acerca dos datos compartidos nos perfís público e privado como pode verse na figura 4. Revelan que o único que comparten publicamente, case un 50% dos mozos, é o nome, e xa so un 30% o apelido. Compártense en privado: fotos privadas, fotos de amigos, afeccións e aniversarios. Fronte a opinión máis extendida, os datos revelan que non se comparten o lugar de residencia, o centro escolar, o número de teléfono (o 50% compárteo en privado, 0% responde que o compartiría publicamente), a ideoloxía, a orientación sexual e o país de orixe.

Figura 5. O que se comparte de forma pública



Fonte e elaboración propia

Non se observan discrepancias nas respostas a que é o que se comparte públicamente e o que nunca se compartiría (figura 5). O control da información (o que nunca compartirían) afecta sobre todo aos datos persoais, opinión sobre persoas coñecidas e cotilleos, vídeos/fotos privadas, fotos persoais nunha postura sexy, se se senten mal ou teñen problemas de saúde, pensamentos ou sentimentos íntimos e problemas na casa ou no instituto.

Hai algunha variación por sexos: Máis de 50% dos homes declaran que nunca compartirían o que fan no seu día a día, os seus "ligues" ou o seu estado de ánimo. As reservas máis significativas nas mulleres, por riba do 70%, refírense a datos persoais, pensamentos ou sentimentos íntimos e problemas da casa ou do instituto.

Figura 6. O que nunca compartirías de forma pública



Fonte e elaboración propia

Estos datos se confirman, analizando os discursos das entrevistas:

> "Non publico as miñas fotos nun perfil público nin de coña"
> (E-3, muller, 15 anos)

> "Nunca poñería a miña ubicación nin cousas como esa"
> (E-6, muller, 18 anos)

Un resultado inesperado foi a constatación de que, a pesares de que as mulleres amosan unha maior tendencia a manter perfís privados e unha maior preocupación polo control da información (o que nunca compartirían públicamente), son tamén as que máis cousas comparten nas súas contas públicas. Porén unha maior pocentaxe dos homes, manteñen perfís públicos e amosan unha menor reserva e publican moito menos. Estos datos poden ser indicativos dunha maior actividade das mulleres nas redes sociais.

5. Conclusións

Na Sociedade da Rede as esferas do público e o privado entrecrúzanse, do mesmo modo que se entrecruza a vida *on-line* coa vida *off-line,* xerando espazos mixtos con límites cada vez máis permeables. Estes novos ámbitos de comunicación están a desplazar "algúns dos espazos e tempos da privacidade, tal e como foron entendidos tradicionalmente" (Sabater, 2014:24). Pero unha cousa é o desprazamento e outra a disolución da fronteira entre o público e o privado.

A análise realizada neste traballo permite concluir que a xestión dos perfís e dos datos que fan os usuarios entrevistados nas redes sociais, é claramente intencional. O que se fai público é aquelo que se dispón para as posibles visitas doutros usuarios nun espazo sempre aberto. Pero a constatación dun "control da interacción" (os perfís privados permiten compartir determinada información só coa rede de contactos) e dun "control da información" (daquelo que se publica), permite concluir que, na sociedade da rede, a conciencia de privacidade (se a entendemos como "control da interacción e da información a outras persoas") persiste entre a xuventude. A conducta dos mozos nas redes sociais, parece responder a un intento de control da privacidade, centrada principalmente na transmisión dos datos producidos no ciberespazo.

6. Posibles melloras e extensión do proxecto

Para confirmar as tendencias constatadas, compre ampliar o estudo a outros centros da localidade e, posteriormente da Comunidade Autónoma, para finalmente comprobar se as pautas de comportamento da xuventude galega son semellantes á da poboación española.

Os datos obtidos indican maior presenza feminina nas redes sociais. Isto permite aventurar que o espazo público na sociedade da rede é máis feminino que masculino. Contrastar esta hipótese abriría unha nova liña de investigación.

7. Bibliografía

BELL, D. (1973). The coming of post-industrial society. New York: Basic Books.(vers. cast. de Raúl García e Eugenio Gallego: El advenimiento de la sociedad postindustrial. Un intento de prognosis social. Alianza Editorial, 1981

DÍAZ GANDASEGUI, V. (2011). Mitos y realidades de las redes sociales. Prismasocial. Revista de Ciencias Sociales, 6, 1-26.

ILLOUZ, Eva (2009). El consumo de la utopía romántica. El amor y las contradicciones culturales del capitalismo. Buenos Aires, Katz Editores.

MUROS, B., ARAGÓN, Y y BUSTOS, A., "La ocupación del tiempo libre de jóvenes en el uso de videojuegos y redes", Comunicar, v. 20, n. 40 (2013), pp. 31-39. DOI: http://dx.doi.org/10.3916/C40-2013-02-03 (acceso:8.07.19)

RUIZ-CORBELLA, M., DE JUANAS OLIVA; A., "Redes sociales, identidad y adolescencia: nuevos retos educativos para la familia", Estudios sobre educación, vol. 25, 2013, pp. 95-113

SABATER FERNÁNDEZ, C., "La vida privada en la sociedad digital. La exposición pública de los jóvenes en internet", Aposta. Revista de Ciencias Sociales, n. 61 (2014), pp 1-32. Disponible en: http:/www.redalyc.org/articulo.oa?id=495950257001 (acceso: 26.09.19)

8. Anexos

8.1. Entrevistas

8.1.1. Guión entrevista

8.1.2. Relación de entrevistados

8.2. Cuestionario enquisa

8.3. Cálculo do tamaño da mostra

8.4. Gráficos

8.4.1. Usos das redes socais

8.4.2. Perfil público ou privado

8.4.3. Como compartes os teus datos

8.4.4. Que comparten publicamente segundo o sexo

8.4.5. Que nunca compartirían públicamente segundo o sexo

8.1. Entrevistas

8.1.1. Guión de la entrevista

1. Utilizas redes sociais?

2. Con que frecuencia?

3. Cal emprega máis?

4. Mantés o teu perfil público ou privado?

5. No caso de ser privado, mantés o control sobre as persoas que te seguen ou só aceptas algunha solicitude?
6. Que tipo de cousas públicas / compartidas tes na túa conta?

7. Que tipo de información compartes publicamente nunha rede social (idade, nome, cidade onde vive, apelidos, número de teléfono, etc.)?
8. Hai unha diferenza entre as cousas que compartes con varias persoas, como a túa conta de Instagram, Twitter ou un grupo de WhatsApp, e en privado?
9. Que utilizas máis, a mensaxe privada ou os grupos?

10. As seguintes preguntas formularanse en función da rede social utilizada:

10.1 INSTAGRAM:

- Usas moito as "historias" dos mellores amigos?
- Cando queres que un amigo vexa unha publicación, etiquetásllla nos comentarios ou envíaslla por mensaxe privada?
- Hai moitas persoas engadidas á lista de MA?
- Tes outra conta onde só aceptas aos teus amigos máis próximos?
- Cargas máis fotos ou historias?
- Se son historias, mantelas como historias destacadas?
- Que tipo de fotos cargas?
- Que tipos de historias cargas?
- Que diferenza hai de historias públicas a mellores amigos?

10.2 MENSAXE:

- Cando queres discutir algo cunha persoa, faino en grupo ou por privado?
- Usas máis grupos ou a mensaxe privada?
- Cando queres discutir algo cunha persoa, faino en grupo ou por privado?
- Que tipo de temas adoitas tratar por mensaxe privada? E na grupos?
- Tes datos persoais no teu perfil (nome, idade, xénero, data de nacemento, cidade de residencia, dirección, código postal, centro de estudo, gustos e pasatempos, orientación sexual, teléfono ...)?
- Todas as súas contas son privadas / públicas?
- Se non, que redes son privadas e cales son públicas?
- Hai diferenza de contido? (Este é o caso de que, por exemplo, Twitter adoita ter un perfil público)

8.1.2. Relación de entrevistados

Entrevista	Procedencia	Sexo	Idade	Curso	Data	Duración entrevista
E-1	Urbano	Home	12	1º eso	25/11	7:47
E-2	Rural	Muller	12	1º eso	25/11	8:04
E-3	Urbano	Home	14	3º eso	18/11	8:34
E-4	Urbano	Muller	14	3º eso	18/11	9:07
E-5	Urbano	Muller	17	2º bach	28/11	7:01
E-6	Urbano	Muller	18	2º bach	28/11	10:51
E-7	Urbano	Home	17	2º bach	14/11	10:34
E-8	Rural	Home	17	2 bach	14/11	9:09

8.2. Cuestionario enquisa

O cuestionario utilizado para a enquisa foi o seguinte:

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

I.E.S. ARCEBISPO XELMIREZ II
http://centros.edu.xunta.es/iesarcebispoxelmirez2/

A enquisa é ANÓNIMA, pero son de interese a efectos do estudo, os seguintes datos:

Idade: _____ Sexo:_____ Curso: _____

Procedencia: ☐Rural ☐Urbana ☐Rururbana

1- Usas redes sociais?
☐ Si ☐Non

2- (Se non usas redes sociais) Por que non?
☐ Porque non me deixan ☐Por manter a miña privacidade
☐ Por exceso de exposición pública ☐Por falta de medios
☐ Por inseguridade ☐Porque estou castigado
☐ Por vontade propia

3- Con que fin as usas?
☐ Entretemento ☐Buscar información
☐ Relacionarme con amigos ☐Facer novos amigos

4- Con que frecuencia as usas?
☐ Todos os días ☐Solo as fins de semana
☐ Un par de veces por semana ☐Menos de un par de veces por semana

5- Que parte da túa vida diaria discorre nas redes?
☐ Moita ☐Algo ☐Pouca ☐Nada

6- Cando te conectas ás redes sociais, canto tempo lle dedicas?
☐ Menos de 1 hora ☐Entre 1 e 2 horas
☐ Entre 2 e 3 horas ☐Máis de 3horas

7- Que redes sociais usas? (pódese marcar varias opcións)
☐ Whatsapp
☐ Instagram
☐ Twitter
☐ Tik Tok
☐ Snapchat
☐ Facebook
☐ Outras _____

8- Que rede social utilizas máis?
☐Whatsapp
☐ Instagram
☐ Twitter
☐ Tik Tok
☐ Snapchat
☐ Facebook
☐ Outras _____

9- Coñeces e tes en conta as condicións de privacidade?

☐ Sei que existen pero non as leo
☐ Sei que hai, e preocúpanme, pero acepto sempre porque senon non podo usalas
☐ Preocúpanme e condicionan o meu uso da rede
☐ Non as leo, pero sei de que van

10- Tes o perfil público ou privado?

☐ Privado en todas
☐ Público en todas
☐ Nalgunhas público e noutras privado. Indica cales:
Públicas: _____
Privadas: _____
☐ Nalgunhas teño unha conta privada e outra pública. Indicar cales:_____

11- Sempre tiveches así os perfiles?

☐ Si
☐ Non, cambieino de público a privado
☐ Non, cambieino de privado a público
☐ Non, mantiven a conta pública pero creei outra privada
☐ Non, mantiven a conta privada pero creei outra pública

12- Indica cales dos seguintes datos compartes no teu perfil público ou privado (señala as que sexan necesarias)

Datos	Público	Privado	Non o comparto	Tíñao e quiteino
Nome				
Apelido				
Videos/fotos privadas				
Videos/fotos de amigos				
Lugar de residencia				
Centro de estudio				
aficcións				
Teléfono móvil				
Cumpleanos				
Ideoloxía				
Orientación sexual				
País de orixe				
Outros:_____				

13- Que información compartes públicamente? (historias, muro…) (resposta múltiple)

Para quedar (festas, quedadas…)	
O que fas na fin de semana ou en vacacións	
Opinión sobre persoas coñecidas ou cotilleos	
Vídeos/fotos privadas	
Vídeos/fotos de amigos	
De ligues	
Cousas divertidas	
Afeccións	
Se te sentes mal ou tes problemas de saúde	
Temas sociais	
Pensamentos ou sentimentos íntimos	
Eventos	
Fotos persoais nunha postura sexy	
Problemas do mundo	
Estado de ánimo	
Problemas da túa casa ou do instituto	
Spam	
O que fas no teu día a día	
Datos persoais	

14- Usas máis a mensaxe privada ou os grupos?

☐ privado ☐ Grupos

15- Que cousas que pos en privado NUNCA compartirías publicamente?

Para quedar (festas, quedadas…)	
O que fas na fin de semana ou en vacacións	
Opinión sobre persoas coñecidas ou cotilleos	
Vídeos/fotos privadas	
Vídeos/fotos de amigos	
De ligues	
Cousas divertidas	
Afeccións	
Se te sentes mal ou tes problemas de saúde	
Temas sociais	
Pensamentos ou sentimentos íntimos	
Eventos	
Fotos personais nunha postura sexy	
Problemas do mundo	
Estado de ánimo	
Problemas da túa casa ou do instituto	
Spam	
O que fas no teu día a día	
Datos persoais	

8.4. Cálculo do tamaño da mostra

Nun traballo onde se desexa facer unha análise estatística poderiamos cubrir a toda a poboación se non é moi grande; ou ben, seleccionar unha parte de dita poboación que deberá ser representativa, é decir, reflexará adecuadamente as características que desexamos analizar.

Neste caso, fíxose uso dunha mostraxe probabilística. En concreto, utilizouse unha mostraxe probabilística estratificada , pois pensamos que era convinte estratificar a mostra segundo certas variables a ter en conta (idade e sexo) para asegurar que a mostra representase adecuadamente á poboación de estudo, obtendo así unhas estimacións máis precisas e unha mostra o máis semellante posible á poboación.

Para iso, unha vez calculado o tamaño da mostra apropiado, este repartíuse deforma proporcional entre os distintos estratos definidos na poboación.

A fórmula para calcular o tamaño da mostra cando se coñece o tamaño da poboación é o seguinte:

$$n = \frac{N \cdot z_\alpha^2 \cdot p \cdot q}{e^2 \cdot (N-1) + z_\alpha^2 \cdot p \cdot q}$$

onde: N = tamaño da poboación

1-α = nivel de confianza

zα = valor obtido a partir do nivel de confianza

p = probabilidade de éxito

q = 1-p = probabilidade de fracaso

e = máximo erro mostral desexado

Poñéndonos no peor dos casos, é dicir, cunhas probabilidades de éxito e de fracaso de 0,5; cun nivel de confianza do 95 % (z_α=1,96) e un erro máximo de 0,05; e tendo en conta que a nosa poboación é N = 494, obtemos o seguinte resultado:

$$n = \frac{494 \cdot (1{,}96)^2 \cdot 0{,}5 \cdot 0{,}5}{(0{,}05)^2 \cdot (494-1) + (1{,}96)^2 \cdot 0{,}5 \cdot 0{,}5} = 216{,}4$$

Polo tanto o tamaño mostral será de 217 individuos.

Os estratos por cursos na poboación son os seguintes:

- Alumnado 1º ESO: 89
- Alumnado 2º ESO: 88
- Alumnado 3º ESO:55
- Alumnado 4º ESO:70
- Alumnado 1º Bacharelato: 123
- Alumnado 2º Bacharelato: 69

Así mesmo tívose en conta que o alumnado por sexo está repartido da seguinte forma:

Homes: 246

Mulleres: 248

É dicir, están repartidos prácticamente ao 50 %.

Cálculo dos tamaños mostrais dos estratos:

1º ESO: $\frac{89}{494} = \frac{x}{217} \Rightarrow$ x = 39 $\begin{cases} 20\ mulleres \\ e \\ 19\ homes \end{cases}$

2º ESO: $\frac{88}{494} = \frac{x}{217} \Rightarrow$ x = 39 $\begin{cases} 20\ mulleres \\ e \\ 19\ homes \end{cases}$

3º ESO: $\frac{55}{494} = \frac{x}{217} \Rightarrow$ x = 24 $\begin{cases} 12\ mulleres \\ e \\ 12\ homes \end{cases}$

4º ESO: $\frac{70}{494} = \frac{x}{217} \Rightarrow$ x = 31 $\begin{cases} 16\ mulleres \\ e \\ 15\ homes \end{cases}$

1º Bacharelato: $\frac{123}{494} = \frac{x}{217} \Rightarrow$ x = 54 $\begin{cases} 27\ mulleres \\ e \\ 27\ homes \end{cases}$

2º Bacharelato: $\frac{69}{494} = \frac{x}{217} \Rightarrow$ x = 30 $\begin{cases} 15\ mulleres \\ e \\ 15\ homes \end{cases}$

8.4. Gráficos


Usas redes sociais?
12-13 anos
SI
NO
11%
89%


Usas redes sociais?
14-15 anos
SI
NO
2%
98%

Usas redes sociais?
16-17 anos e 18 ou máis
SI
NO
0%
100%


Tes o teu perfil público ou privado?
Nalgunhas público e noutras privado 15%
Público en todas 10%
Privado en todas 75%


Variación segundo a idade
11
11
68
12
5
68
16
9
74
25
25
50
12-13 ANOS
14-15 ANOS
16-17 ANOS
18 ANOS OU MÁIS
Nalgunhas público e noutras privado
Público en todas
Privado en todas


Diferencias según sexo
16
14
70
14
6
80
HOMES
MULLERES
Nalgunhas público e noutras privado
Público en todas
Privado en todas


Como compartes os teus datos?
Porcentaxe de alumnado total
100%
90%
80%
70%
60%
50%
40%
30%
20%
10%
0%
Nome
Apelido
Vídeos/fotos privadas
Vídeos/fotos de amigos
Lugar de residencia
Centro de estudo
Aficións
Teléfono móbil
Aniversarios
Ideoloxía
Orientación sexual
País de orixe
Público
Privado
Non o comparto
Tíñao e quiteino


DATOS PERSOAIS
6
5
4
3
2
1
0
De 12 a 13 anos
De 14 a 15 anos
De 16 a 17 anos
De 18 anos
MULLERES
HOMES


O QUE FAS NO TEU DÍA A DÍA
8
7
6
5
4
3
2
1
0
De 12 a 13 anos
De 14 a 15 anos
De 16 a 17 anos
De 18 anos
HOMES
MULLERES


FOTOS PERSOAIS EN POSTURA SEXY
7
6
5
4
3
2
1
0
De 12 a 13 anos
De 14 a 15 anos
De 16 a 17 anos
De 18 anos
HOMES
MULLERES


O QUE FAS NA FIN DE SEMANA OU EN VACACIÓNS
18
16
14
12
10
8
6
4
2
0
De 12 a 13 anos
De 14 a 15 anos
De 16 a 17 anos
De 18 anos
HOMES
MULLERES


O QUE FAS NO TEU DÍA A DÍA
8
7
6
5
4
3
2
1
0
De 12 a 13 anos
De 14 a 15 anos
De 16 a 17 anos
De 18 anos
HOMES
MULLERES


PENSAMENTOS E SENTIMENTOS
12
10
8
6
4
2
0
De 12 a 13 anos
De 14 a 15 anos
De 16 a 17 anos
De 18 anos
HOMES
MULLERES


NUNCA COMPARTIRÍA DE FORMA PÚBLICA
Datos en porcentaxe
0
10
20
30
40
50
60
70
80
Datos persoais
O que fas no teu día a día
O que fas na fin de semana ou en vacacións
Opinión sobre persoas coñecidas ou cotilleos
Vídeos/fotos privadas
Vídeos/fotos de amigos
De ligues
Cousas divertidas
Afeccións
Se te sentes mal ou tes problemas de saúde
Pensamentos ou sentimentos íntimos
Estado de ánimo
Fotos personais nunha postura sexy
Problemas da túa casa ou do instituto
Para quedar (festas, quedadas...)
Eventos
Temas sociais
Problemas do mundo
Spam
HOMES
MULLERES